



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís

Expediente: 2025000038469

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIONES CORRESPONDENTES AO PROGRAMA FO223: PROGRAMA DE SUBVENCIONES PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Primeiro.- Mediante resolución da Presidencia número 26236 de 10 de xuño de 2026, publicada no BOP do 15 de xuño de 2026 procedeuse a conceder, de forma provisional, as subvencións da convocatoria FO223: Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2026 abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión provisional no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para que os solicitantes puidesen comunicar, se é o caso, a desistencia da solicitude, presentar solicitude de reformulación da subvención, presentar alegacións ou emenda de erros. Transcorrido o devandito prazo de 10 días sen que por parte dos solicitantes se formulase desistencia expreso, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Segundo.-No devandito prazo as entidades presentaron as seguintes emendas e alegacións:

1.-As entidades que figuraban no Anexo 3 de subvencións concedidas provisionalmente condicionadas, completaron a documentación requirida na Resolución de Presidencia de concesión provisional.

2.-A entidade Mister Misto production and services, S.L (expediente 2026000008218) comunica un cambio de localización e de datas do festival.

3.-Durante este prazo presentaron alegacións as seguintes entidades:

Expediente/Entidade	Alegacións	Motivos de desestimación
2026000007941 Asociación Negreira Viva	A entidade solicita que se lle comunique a puntuación obtida e revisión da valoración da solicitude.	O 19 de xuño de 2026 se lle notifica a puntuación e revisado de novo o expediente non se detecta erro algún na valoración.

Expediente/Entidade	Alegacións	Motivos de desestimación
2026000008083 Concello de Noia	A entidade presenta nova documentación.	A nova documentación non se valora de acordo co artigo 14 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP do 29 de setembro de 2025): <i>“Unha vez rematado o prazo de solicitude, no se admitirán modificacións que impliquen cambio en ningún criterio valorable ou supoñan un cambio de obxecto.”</i>
2026000008118 Plataforma vecinal Barrio de las Flores	A entidade solicita que se lle comunique a puntuación obtida e revisión da valoración da solicitude.	O 26 de xuño de 2026 se lle notifica a puntuación. A unidade xestora revisa o expediente, non procede modificar a puntuación.
2026000008119 Asociación cultural Irmandiños de Moeche	A entidade alega que non se puntuou o apartado: Colaboración socio-cultural e impacto no territorio.	A unidade xestora revisa as cartas de colaboración. A carta con data 16 de febreiro de 2026 non ven asinada polo representante da entidade colaboradora. As cartas con data 2025 non indican que sexan para o festival do ano 2026.
2026000008145 Cormorán Cinema	A entidade manifesta que presenta cartas de colaboración con data 12 de marzo de 2026 e solicita aclaración sobre o coeficiente de reparto (0,5122)	As cartas de colaboración foron presentadas o 12 de marzo de 2026; non se valoran de acordo co artigo 14 da Ordenanza xeral de subvencións (BOP do 29 de setembro de 2025): <i>“Unha vez rematado o prazo de solicitude, no se admitirán modificacións que impliquen cambio en ningún criterio valorable ou supoñan un cambio de obxecto.”</i> O coeficiente de reparto é a porcentaxe de financiamento indicada pola entidade no momento da solicitude (51,22%).
2026000008060 ESE8	A entidade manifesta que fáltalle 1 punto no apartado: Nº de entidades sen ánimo de lucro colaboradoras.	A unidade xestora revisa as cartas de colaboración. A carta do CIFP Imaxe e Son de A Coruña foi valorada no apartado Nº de entidades con ánimo de lucro ou públicas do concello onde vai desenvolverse o festival colaboradoras.

Vistos o informe do Servizo de cultura, igualdade e dereitos civís e o informe do Servizo de fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.-Estímase o cambio de localización e data conforme o artigo 17 da ordenanza de subvencións.

Segundo.-Desestimar as alegacións presentadas polas entidades no antecedente segundo punto 3.

Terceiro.-Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao programa FO223: Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2026, seguintes:

Modalidade A. Concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: AUDITORIO DE GALICIA NIF: Q1500340C Cod. Exp.: 2026000007882 Obxecto: Festival Internacional de Cinema Curtocircuíto 2026	50.000,00	0,3630	137.741,05
Beneficiario: AUDITORIO DE GALICIA NIF: Q1500340C Cod. Exp.: 2026000007857 Obxecto: Festival Internacional de Cinema Cineuropa 2026	50.000,00	0,2085	239.808,15
Beneficiario: CONCELLO DA LARACHA NIF: P1504200E Cod. Exp.: 2026000005555 Obxecto: Rueiros da vila 2026	6.660,00	0,2885	23.084,92
Beneficiario: CONCELLO DE AMES NIF: P1500200I Cod. Exp.: 2026000007516 Obxecto: FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE INFANTIL . CINEMA MIÚDO 2026	14.700,00	0,5833	25.201,44
Beneficiario: CONCELLO DE BERGONDO NIF: P1500800F Cod. Exp.: 2026000007569 Obxecto: Festival Guísamo Folk 2026	40.000,00	0,4888	81.833,06
Beneficiario: CONCELLO DE CARBALLO NIF: P1501900C Cod. Exp.: 2026000008040 Obxecto: Festival Carballo Interplay 2026	43.083,60	0,3999	107.735,93

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE CARIÑO NIF: P1509500C Cod. Exp.: 2026000007704 Obxecto: Mostra de teatro	29.943,09	0,7000	42.775,84
Beneficiario: CONCELLO DE MELIDE NIF: P1504700D Cod. Exp.: 2026000007937 Obxecto: Foliada de Melide	35.845,60	0,7000	51.208,00
Beneficiario: CONCELLO DE NOIA NIF: P1505800A Cod. Exp.: 2026000007968 Obxecto: XXVII Mostra de Curtametraxes	39.220,00	0,4656	84.235,40
Beneficiario: CONCELLO DE NOIA NIF: P1505800A Cod. Exp.: 2026000008083 Obxecto: Jazz Noia 2026	5.937,61	0,3732	15.909,99
Beneficiario: CONCELLO DE ORTIGUEIRA NIF: P1506200C Cod. Exp.: 2026000007871 Obxecto: Festival Internacional do mundo celta de Ortigueira 2026	53.400,00	0,1200	445.000,00
Beneficiario: CONCELLO DE OUTES NIF: P1506300A Cod. Exp.: 2026000008185 Obxecto: Festival "Pampallín" - A posta en valor das antigas tradicións e ritos agrarios na nosa contorna e a celebración da primavera vinculada á mocidade "o lume da xuventude".	14.153,95	0,6800	20.814,63
Beneficiario: CONCELLO DE RIANXO NIF: P1507300J Cod. Exp.: 2026000008215 Obxecto: Festival Noites de jazz Rianxo 2026	11.850,00	0,3930	30.152,67
Beneficiario: CONCELLO DE SAN SADURNIÑO NIF: P1507700A Cod. Exp.: 2026000007788 Obxecto: Festival de curtas Chanfaina Lab	21.580,72	0,7000	30.829,60
Beneficiario: PADROADO DA CULTURA DO CONCELLO DE NARON NIF: G15157159 Cod. Exp.: 2026000007958 Obxecto: XLII MOTIX. Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de Narón	39.500,00	0,4224	93.513,26

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: PADROADO DA CULTURA DO CONCELLO DE NARON NIF: G15157159 Cod. Exp.: 2026000006831 Obxecto: XI Singular. Festival Internacional do Monólogo Teatral	35.361,48	0,3732	94.752,09

Modalidade B. Entidades sen ánimo de lucro domiciliadas en Galicia

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOC CULTURAL AIS NIF: G70536446 Cod. Exp.: 2026000007395 Obxecto: Festival Resis	36.000,00	0,2776	129.683,00
Beneficiario: ASOC CULTURAL NOITE BOHEMIA NIF: G09819434 Cod. Exp.: 2026000005713 Obxecto: Axuda para a Mostra Internacional Area de Teatro (MIAT) da Coruña	4.668,30	0,7000	6.669,00
Beneficiario: ASOC.CONSERVATORIO DE MUSICA TRADICIONAL E FOLQUE DE LALIN NIF: G36480598 Cod. Exp.: 2026000008086 Obxecto: Festival Internacional Zona da Zanfona. 22ª edición. Arzúa	9.429,00	0,7000	13.470,00
Beneficiario: ASOCIACION ATENEO DE SANTIAGO NIF: G70161096 Cod. Exp.: 2026000005446 Obxecto: VIII Festival de música antiga e barroca (Ateneo Barroco)	14.340,00	0,4979	28.800,96
Beneficiario: ASOCIACION CEDEIRART NIF: G70734496 Cod. Exp.: 2026000007674 Obxecto: Festival de Opera	13.000,00	0,7000	18.571,43
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL ALBATROS NIF: G70080015 Cod. Exp.: 2026000008111 Obxecto: Intersección 2026	41.400,00	0,2980	138.926,17

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL BARRIGA VERDE SANTIAGO DE COMPOSTELA NIF: G15604010 Cod. Exp.: 2026000008092 Obxecto: XXXI Festival Internacional Galicreques 2026	41.400,00	0,3227	128.292,53
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL CANLE DE LIRA-CARNOTA NIF: G15380512 Cod. Exp.: 2026000007862 Obxecto: Festórreo 2026	6.085,70	0,7000	8.693,86
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL CASTELO CONTA NIF: G15750813 Cod. Exp.: 2026000008206 Obxecto: Festival Castelo Conta 2026	36.000,00	0,2733	131.723,38
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL CASTRO MEDA DE ZAS NIF: G15106016 Cod. Exp.: 2026000008004 Obxecto: 41 Festa da Carballeira de Zas	29.000,00	0,2579	112.446,68
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL CENTOLOS NIF: G70185699 Cod. Exp.: 2026000008244 Obxecto: Fene Rock festival 2026	5.000,00	0,7000	7.142,86
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL DA CIDADE VELLA SANTIAGO NIF: G15214042 Cod. Exp.: 2026000007666 Obxecto: XXIII edición do festival Fetio a Man de Compostela	29.000,00	0,5767	50.286,11
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL DISCALZOS POLO FESTIVAL NIF: G70478706 Cod. Exp.: 2026000008219 Obxecto: XII Edición Discalzos polo festival	5.000,00	0,2990	16.722,41
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA ESTEIRANA DE CARRILANAS NIF: G70184312 Cod. Exp.: 2026000008103 Obxecto: Festival das Carrilanas Esteiro 2026	29.000,00	0,3750	77.333,33

Solicitudes	Importe subvención	Coefficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELLA ESCOLA NIF: G36597714 Cod. Exp.: 2026000008093 Obxecto: Festival Compostela Street 2026 (VI edición do Compostela Skate)	19.890,00	0,6500	30.600,00
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL FESTIVAL ROCK IN RIAN NIF: G70547716 Cod. Exp.: 2026000008248 Obxecto: XVIII Festival Rock in Rian 2026	29.000,00	0,4455	65.095,40
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL IRMANDIÑOS DE MOECHE NIF: G70277843 Cod. Exp.: 2026000008119 Obxecto: 47 edición do Festival Irmandiño de Moeche	16.812,53	0,4925	34.137,12
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL MARES DA FIN DO MUNDO NIF: G44878452 Cod. Exp.: 2026000008102 Obxecto: IX Mostra MARES DA FIN DO MUNDO (IX MDFDM 2026)	29.000,00	0,4582	63.291,14
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL PARA LA INTEGRACION SOCIAL DIVERSOS NIF: G70256896 Cod. Exp.: 2026000008265 Obxecto: XV Encontro Artes pola Integración.	23.799,60	0,7000	33.999,43
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL R. E I. COFRADIA DA DORNA NIF: G15315682 Cod. Exp.: 2026000008123 Obxecto: XXXII Festival ROCKANDORNA	25.000,00	0,2627	95.165,59
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL RECREATIVA DEPORTIVA PRAIA DO CASTELO NIF: G15952195 Cod. Exp.: 2026000007860 Obxecto: XXII edición do festival Castelo Rock	24.500,00	0,4499	54.456,55
Beneficiario: ASOCIACION CULTURAL TRES POR CUATRO NIF: G70239595 Cod. Exp.: 2026000008233 Obxecto: Sisons 2026	13.000,00	0,3939	33.003,30

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION DAS ARTES ESCENICAS E MUSICAIS ESTORIBOR NIF: G70031315 Cod. Exp.: 2026000008096 Obxecto: 7ª edición do festival "MÚSICA NALDEA" (Rois)	5.560,00	0,6998	7.945,13
Beneficiario: ASOCIACION MEMORIA ATLANTICA NIF: G70482492 Cod. Exp.: 2026000007975 Obxecto: XIV Festival internacional de narración oral Atlántica 2026	21.000,00	0,4628	45.375,97
Beneficiario: ASOCIACION MORREU O DEMO NIF: G70363981 Cod. Exp.: 2026000008095 Obxecto: XI Titiriberia. Festival de títeres tradicionais galegos. Olladas sobre os cristovos	29.000,00	0,6923	41.889,35
Beneficiario: ASOCIACION NEGREIRA VIVA NIF: G72715774 Cod. Exp.: 2026000007941 Obxecto: O Cristobaliño	5.000,00	0,7000	7.142,86
Beneficiario: ASOCIACION OLLOBOI NIF: G70476833 Cod. Exp.: 2026000008108 Obxecto: Festival audiovisual Escolar OLLOBOI 2026	5.566,40	0,4000	13.916,00
Beneficiario: ASOCIACION ORGULLO CORUÑA (ORCO) NIF: G70554472 Cod. Exp.: 2026000008089 Obxecto: Atlantic Pride 2026	29.000,00	0,1344	215.773,81
Beneficiario: ASOCIACION PERLA MURAL FEST NIF: G44974327 Cod. Exp.: 2026000008253 Obxecto: Perla Mural Fest 2026 - IV Edición	10.260,00	0,2995	34.257,10
Beneficiario: ASOCIACION POTEN100MOS NIF: G70480900 Cod. Exp.: 2026000007906 Obxecto: 11º Diversidarte Festival das artes inclusivas.	7.806,00	0,3998	19.524,76

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: ASOCIACION PREMIOS FOUCIÑO NIF: G16465742 Cod. Exp.: 2026000008269 Obxecto: Premios Fouciño - Festival de curtametraxes da Costa da Morte	4.750,00	0,6661	7.131,06
Beneficiario: ASOCIACION TELON Y APARTE NIF: G15417165 Cod. Exp.: 2026000008236 Obxecto: 35 Festival Internacional outono de Teatro (FIOT)	41.400,00	0,2813	147.173,84
Beneficiario: ASOCIACION XUVENTUDE ARZUA NIF: G21661715 Cod. Exp.: 2026000008228 Obxecto: Festival "Festa dos Botes de Arzúa"	4.875,00	0,5309	9.182,52
Beneficiario: CORMORAN CINEMA NIF: G70596184 Cod. Exp.: 2026000008145 Obxecto: Cormorán Film Fest 2026	13.000,00	0,5122	25.380,71
Beneficiario: ESE8 NIF: G70232525 Cod. Exp.: 2026000008060 Obxecto: (S8) XVII Mostra Internacional de Cinema Periférico da Coruña 2026	41.400,00	0,2261	183.104,82
Beneficiario: FEDERACION TEATRAL AFECCIONADA DE GALICIA - FETEAGAL NIF: G42784447 Cod. Exp.: 2026000007438 Obxecto: Festival Internacional de Teatro Amador Galego - FITAGAL	13.000,00	0,7000	18.571,43
Beneficiario: FUNDACION EMALCSA NIF: G70323688 Cod. Exp.: 2026000008042 Obxecto: Festigal 2026 - 10º Aniversario	29.000,00	0,3725	77.852,35
Beneficiario: FUNDACION GALIZA SEMPRE NIF: G15702913 Cod. Exp.: 2026000008058 Obxecto: Festigal 2026	25.000,00	0,5291	47.250,05

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: FUNDACION ROSALIA DE CASTRO NIF: G15040850 Cod. Exp.: 2026000008059 Obxecto: Festival Abride a Fiestra 2026	8.497,29	0,7000	12.138,99
Beneficiario: PATRONATO DO MUSEO DO POBO GALEGO NIF: G15037195 Cod. Exp.: 2026000007834 Obxecto: XXI Edición da MICE. Mostra Internacional de Cinema Etnográfico do Museo do Pobo Galego	12.000,00	0,4284	28.011,20

Modalidade C. Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas, establecidas nun estado membro da Unión Europea

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: AANTENA, S.C. NIF: J70504618 Cod. Exp.: 2026000008221 Obxecto: FEM (Festival Escena Muller) 2026	12.500,00	0,7000	17.857,14
Beneficiario: ALDEA PRODUCTIONS S.C. NIF: J26753228 Cod. Exp.: 2026000008164 Obxecto: Festival de cine galego " O TREMO"	5.000,00	0,2941	17.000,00
Beneficiario: ANDAR PRODUCCIONES, S.L. NIF: B70594924 Cod. Exp.: 2026000008113 Obxecto: Nachiños Fest 2026	17.500,00	0,2274	76.956,90
Beneficiario: COUCHEIRO FAILDE, JOSE ANTONIO NIF: 32822390X Cod. Exp.: 2026000008122 Obxecto: 6º IMPERDIBLE Festival Internacional de Improvisación de Galicia	16.055,00	0,4950	32.434,34
Beneficiario: HORTA CREATIVA SOCIEDADE COOP XUVENIL NIF: F13759253 Cod. Exp.: 2026000008229 Obxecto: Festival Comarea 2026	10.125,00	0,2891	35.022,48

Solicitudes	Importe subvención	Coeficiente	Orzamento subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: MISTER MISTO PRODUCTION AND SERVICES, S.L. NIF: B94173705 Cod. Exp.: 2026000008218 Obxecto: Videa Rois 2026	5.500,00	0,2500	22.000,00
Beneficiario: NALGURES PRODUCIONS, S.L. NIF: B27340322 Cod. Exp.: 2026000007972 Obxecto: Noia Harp Fest 2026	12.500,00	0,3440	36.337,21
Beneficiario: NORDESIA PRODUCCIONS, S.L. NIF: B15547235 Cod. Exp.: 2026000008109 Obxecto: Mare, músicas e artes atlánticas 2026	17.500,00	0,2407	72.704,61
Beneficiario: PLAY PLAN CULTURAL, S.L.U. NIF: B94168705 Cod. Exp.: 2026000008238 Obxecto: Festival do Pasatempo 2026	12.500,00	0,2098	59.580,55
Beneficiario: QUIREZA EVENTS, S.L. NIF: B56780372 Cod. Exp.: 2026000008262 Obxecto: RECORDAFEST	5.000,00	0,0224	223.214,29
Beneficiario: THINKING UP LIVE, S.L. NIF: B22890024 Cod. Exp.: 2026000008249 Obxecto: Porta máxica	5.666,81	0,3213	17.637,13
Beneficiario: TREMENDO AUDIO, S.L. NIF: B56853062 Cod. Exp.: 2026000007976 Obxecto: Festival Psicotroita	8.000,00	0,2979	26.854,65
Beneficiario: WORK ON SUNDAY, S.L. NIF: B70248794 Cod. Exp.: 2026000008223 Obxecto: WOS Festival 2026	20.700,00	0,1499	138.092,06

Total concedido: 1.426.222,68 €

Cuarto.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Quinto.- Autorizar ás entidades que o solicitaron para que poidan concertar a execución do obxecto da subvención con persoas vinculadas á entidade, cumprindo os requisitos establecidos nas bases

reguladoras desta convocatoria e no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (O importe subvencionable non pode exceder do custo incorrido pola entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do beneficiario).

Sexto.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguintes aplicacións orzamentarias:

Modalidade A. 0612/3343/46201, fase A, operación número 220260020550, importe 491.236,05 €.

Modalidade B. 0612/3343/481, fase A, operación número 220260020550, importe 786.439,82 €.

Modalidade C. 0612/3343/479, fase A, operación número 220260020550, importe 148.546,81 €.

Anular os saldos sobrantes nos documentos contables A e nos correspondentes RC, por economía na concesión das subvencións

Sétimo.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao programa FO223: Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2026, á seguinte entidade polo motivo que se indica:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: PLATAFORMA VECINAL BARRIO DE LAS FLORES NIF: G70387329 Cod. Exp.: 2026000008118 Obxecto: Festival "Flores Rock"	Non acadar a puntuación mínima

Oitavo.- Suspende a concesión da subvención correspondente ao programa FO223: Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2026, á seguinte entidade polo motivo que se indica:

Solicitud	Concesión provisional	Concesión definitiva	Motivo de suspensión
Beneficiario: AGRUPACION ARTISTICA MENINAS DE CANIDO NIF: G15876659 Cod. Exp.: 2026000008176 Obxecto: Festival Meninas de Canido	17.940,00	Suspensa	Suspéndese a tramitación deste expediente de conformidade coa Resolución da Presidencia núm. 36806 con data do 19/08/2026

Noveno.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-

administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.